



O LOBO PATRIMONIO NATURAL GALEGO



O LOBO

O lobo (*Canis lupus*) é o animal máis fascinante de toda a nosa fauna. Desperta nas xentes pasións, para ben ou para mal: poden admiralo ata a idolatría ou odialo ata desexar o seu exterminio total.

Nós pensamos que, antes de tomar partido, hai que coñecelo: analizar o máis obxetivamente posible como é e qué papel cumpre na natureza, no equilibrio do noso medio natural, e tamén na nosa cultura. Logo virán os gostos e sentimentos para situalo no recuncho do corazón que a cada quen lle apeteza.

DESCRIPCIÓN

O lobo é da clase dos mamíferos (son mamóns coma nós). É dicir: as femias teñen glándulas mamarias, o corpo está cuberto de pelo, teñen gran tamaño, complicado cerebro, homeotermia (ou o que é o mesmo: manteñen constante a temperatura corporal), teñen dentición especializada, etc.

Ademais, é un carnívoro, da familia dos cánidos: está emparentado con: raposos, ... (menuda familia de moicanos); e logo é do xénero *Canis* (e que xénero o dos *Canis*!) que agrupa, ademais dos lobos e cans, un fado de galopíns: chacales, coiotes, dingos, etc

O lobo precisa presentación para non confundilo cos seus parentes, os cans, pois, aínda que pareza increíbel, todos os cans proveñen do lobo e algúns teñen con el un gran parecido (a nivel popular fálase de "raza loba" para referirse a aqueles cans recastados, sen raza definida, que teñen rasgos que imitan aos lobos); iso lévao a ser acusado de moitas falcatruadas que infelizmente lle son atribuídas cando en realidade poden ser obra dos nosos mellores amigos botados ao monte.





COMO RECOÑECEMOS O SR. LOBO

Nos manuais de divulgación o lobo compárase frecuentemente cun can pastor alemán, un animal de similar tamaño do que se diferencia en varios aspectos: é máis "cabazón" que o can (ten a cabeza máis ancha, proporcionalmente máis grande con respecto ao corpo, o que se nota principalmente no verán cando perde a pelaxe de inverno). As orellas, tamén triangulares, son máis pequenas. Os ollos do lobo son ambarinos (cor do mel) e oblíquos (isto dalle aspecto de malvado). A cor é entre pardo-roxiza e grisalla, ten brancas as meixelas, manchas negras na parte externa da cola e uns signos (*Canis lupus signatus*) en forma de líneas, tamén da mesma cor, ao longo da parte anterior das mans. A cola é péndula, nunca rebirichada cara arriba na punta.

O lobo, particularmente o que habita o norte de Europa ou de América, tamén ten semellanzas con outros cans de razas setentrionais (husky siberiano, alaskan malamute...). Son animais que gozan dun aspecto "aristocrático", mentres que o lobo das nosas latitudes amosa unha aparencia máis ben "proletaria", como corresponde a quen ten que gañarse a vida con esforzo día a día.

Mide o lobo de longo entre os 105 e 135 cm. (incluído o rabo, eh! que ben serán uns 35 cm.), e a cruz levanta uns 65-80 cm. O seu peso anda entre uns 20-25 kg nas femias e os 40 dos machos (pasar de aí xa sería un lobazo!).

Está deseñado para ser un gran cazador (non para cazar ovellas nin avoas): Ten unha grande musculatura nas queixadas, ademais da curvatura nas barras dentais que lle da unha forza bestial na trabada. É, ademais, ten oído, vista e olfato finos: o excelente oído é un sentido que o mantén sempre alerta; a visión está especializada tanto para bosque como para espazos abertos e principalmente para as horas en que

O noso monte non será o mesmo sen estes lobos en liberdade.



O LOBO PATRIMONIO NATURAL GALEGO

non hai moita claridade, no mencer e no lusco fusco; co olfato lé os incontabeis mensaxes que lle chegan da terra e do mato deixados polos que por alí pasaron (para manter as ulideiras a tono humedecen o fuciño constantemente; non é que se estean relambendo pensando en comerse a alguén, como se podería pensar)

E dixitígrado, con 5 dedos nas patas anteriores e 4 nas posteriores (e qué ben pisa cando en raras ocasións vai andando relaxado: parece que, ingrávido, bailara na punta do pé). Ten unha andadura lixeira, cun trote característico.

BIOLOXÍA. COMO VIVE

Afemia ten un só celo no ano. Andan en amoríos en pleno inverno (coas calores compensarán a friaxe) pero non todos poden disfrutar do sexo: se andan en grupo só o practican o mellor e a mellor, os que mandan; os outros que se amaíen como podan: ás agachadas, que, se son vistos e insisten, bótanos da pandilla.

Paren por marzo ata nove cachorros, se están ben nutridas (non é o caso actual, que andan esfameados)

Despois dunha ducia de días abren os ollos os cachorros para ver a súa amantísima nai e o mundo que lles espera.

A partir dos 20 días xa teñen dentes.

Ao mes son destetados.

Aos dous meses xa empezan a cazar pequenas pezas.

Aos catro meses sáenlles os dentes definitivos.

Con 7-8 meses xa teñen o tamaño dos adultos.

As femias acadan a madurez sexual aproximadamente aos dous anos, aínda que pode ser antes.

O lobo ten o peito dun gran campeón de fondo. Está comprobado, e neso coinciden tódolos ex-



malmente menos do que poidera, pero pode acadar os mesmos anos que un can. A vida media é duns 13 anos en estado salvaxe e duns 17 en cativeiro.

O LOBO PATRIMONIO NATURAL GALEGO



ETOLOXÍA. COMO SE COMPORTA

É, coma nós, unha especie social: vive en grupo e para o grupo (constitúen bandas: son uns bandidos!) e é moitísimo máis intelixente que calquera can, o que se nota en incribeis respostas e comportamentos, principalmente nos máis vellos que chaman matreiros (sábenas todas: son uns resabidos). De feito, no que coinciden todos os que o coñecen minimamente, é en que o lobo ten unha grande intelixencia; fóra a alma, ás veces máis parece unha persoa espabilada ca un animal dos chamados irracionais.

Os maiores coidan dos pequenos, aínda que non sexan os pais, trasmitíndolles a cultura da especie e do grupo en tanto non se independizan.

perto, que é un gran andadeiro podendo chegar a percorrer 40 km. ou máis nunha soa noite (hoxe pode estar ceando os restos dun cocido en Lalín e mañá pola mañá estar vendo despegar os avións de Lavacolla) Non é, polo tanto, estrano que se pense popularmente que estamos inzados de lobos ou que os andan botando os da Xunta, cando en realidade son os mesmos individuos vistos en diferentes lugares moi alonxados. Esta é unha das razóns pola que está descartado conservalo só en cativeiro.

O lobo é o noso gran depredador. En grupo cazan grandes pezas (cérvidos, cabalos, xabaríns...); é para o que están "deseñados" e o que máis lles gusta; pero ten bo dente e válelle calquera cousa que se mova, terrestre ou acuática, ou incluso proteínas que deixaran de moverse, e dicer, as preas. Tamén come froita e non duda en recorrer aos restos fáciles que atopa nos vertedoiros.

Agora maldecimos o lobo porque visita con frecuencia a despensa que representa o gando doméstico e o do monte, sexan bestas bravas ou vacas, pero o lobo non está eiquí para ser o pesadelo dos gandeiros. Polas nosas fragas bramaba o cervo e acabamos con el, polos montes corría o curioso e xuguetón sarrío e non deixamos ningún, polos penedos brincaba a nosa e lusitánica cabra montesa e a exterminamos: pezas maiores, pezas nas que depredaba o lobo. Con toda esta extinción non lle deixamos alternativa (e agora, a que agardamos? A acabar tamén con el?!).

Di un dito popular que o lobo come sete días aire, sete terra e sete carne (non é de estrañar a ansia que lle entra cando lle chega a hora de engullir carne). É un bonito dito que pode servir para explicar o tragador que é: pode chegar a comer varios quilos de carne dunha sentada cunha voracidade sorprendente.

Como é un proscrito, vive o que lle deixan: nor-



O LOBO PATRIMONIO NATURAL GALEGO

Comunícase o lobo de mil maneiras, con múltiples rexistros: ladrando, grañindo, ouveando, rosmando, regañando os dentes; ou coa mirada, coas orellas ou co rabo; cos ulidos, ou mesmo coa maneira de mexar ou de rabuñar o chan. Pero os seus códigos aínda non son descifrabeis para os humanos (mellor así: cando o saibamos todo, perderá misterio e interés). Nin siquiera o ouveo se sabe interpretar e segue sendo unha incógnita que cando se escoita provoca agonía.

Hai unha orde xerárquica na manda. Para cada sexo hai un principio e un fin, un alfa e un omega (un e unha mandaricas e un e unha merdicas). É a súa organización social democracia ou dictadura?. Naturalmente, ningunha das dúas. O mundo animal ten as súas regras e a equiparación delas coas formas humanas de organización son absolutamente perversas. Hitler tomara o lobo como símbolo e tamén o imperio romano o tiña endiosado: andar en semellantes compañías non favoreceu nada ao lobo.... nin á xente.

Non lle interesa en absoluto deixarse ver polos humanos, aínda que sí vixialos e controlalos. E son tan discretos que poden pasar totalmente desapercibidos anque estean criando nas proximidades das casas.

Non se sabe con certeza a razón, pero antano o lobo saía principalmente pola noite a acompañar aos que atravesaban os montes a pé, aos candonqueiros noiteregos dos que hoxe xa non quedan (aqueles sí que eran encontros noutra fase!).

PREDACIÓN MÚLTIPLE

Predación múltiple é o nome técnico das chamadas "lobadas": varios lobos dan en pegar nun desprotexido rabaño de gando menor e, sen reparo algún, poden matar a todos os seus

compoñentes, non deixando ningunha res en pé. Os danos poden ser cuantiosos, pero a raiba, a impotencia, o desespero e as gañas de venganza do gandeiro seguro que son maiores. O lobo, non se sabe con certeza o porqué, actúa movido por un impulso interior que lle obriga a inmovilizar todas as presas posibles, actuando, non por ensañamento nin seguro que tampouco por maldade (a crueldade é patrimonio só noso, do lindo xénero humano), senón que responde a un vello instinto que algúns autores explican remitíndose aos tempos en que o xeo dominaba a terra e actuacións así garantían a comida conxelada para a manda durante moito tempo.

CONTRIBUCIÓN Á CONSERVACIÓN DO EQUILIBRIO NATURAL

O lobo forma parte do noso medio natural e como tal contribúe a manter o equilibrio entre todas as especies que o conforman. Nun medio tan interrvido pola especie humana forzosamente teñen que aparecer interferencias entre as dúas especies resultando as veces confrontos non desexados (por iso non está descartado o control das súas poboacións). Pero o lobo cumpre funcións importantes no medio, ás veces non suficientemente valoradas. Entre outras serían:

Retirar do monte preas que poideran ser focos de infección (a quen limpa as cidades, páganlle). Eliminar animais salvaxes debilitados que poideran ser vectores de patoloxías contaxiosas.

Axudar, depredando sobre eles, no control das poboacións de xabaíns e corzos, que tantos danos na agricultura poden ocasionar se proliferan de forma excesiva.

Controlar as poboacións de raposos e cans asilvestrados.

Beneficiar a outras especies (mamíferos, aves e multitude de insectos) cos restos que el deixa.

E pode ser un bo indicador ambiental, informan-



do da saúde dos ecosistemas, xa que el ocupa a cima na pirámide trófica.

SITUACIÓN ACTUAL DO LOBO EN GALIZA

O lobo na Galiza foi en outros tempos non moi lonxanos moitísimo máis abundante que agora, ocupaba todo o territorio e cohabitaba coas nosas xentes, en maior ou menor harmonía segundo os tempos e circunstancias. Mentres segue habendo opinións contrarias, os escasos estudos que se fixeron ultimamente foron confirmando que a poboación de lobos ven descendendo paulatinamente desde hai varios anos e que o territorio que ocupan é cada vez máis reducido.

Ademais, os grupos existentes están fragmentados por numerosas barreiras artificiais que medaran constantemente. Autoestradas e outros obstáculos levantados pola especie humana resultan infranqueables para a fauna en xeral e para o lobo en particular, imposibilitando así o cruce entre diferentes grupos, o que empobrece a variabilidade xenética imprescindible para que unha especie teña posibilidades de supervivencia.

Pero os males que amezan as poboacións de lobos non acaban coas novas infraestructuras. Para a súa desgracia, novas medidas tomadas buscando a artificiosa asepsia na que nos queren facer vivir poden facer perigar a súa existencia: Por unha parte a clausura de vertedoiros a ceo aberto e por outra a incineración dos cadáveres dos animais mortos, que antes das vacas tolas se botaban no monte (somos tan egoístas que xa non lles deixamos nin as sobras) elimina unha fonte importante de alimentación á que recorrían os lobos por falta de fauna salvaxe.*

Furtivismo con tiro, lazo ou veneno son causas



O LOBO NATURAL GALEGO

vellas de morte de lobos. O tráfico rodado, en aumento exponencial, é unha causa recente, non menos grave, que se ven sumar ás anteriores.

Hai que engadir a diminución de gando no monte, nomeadamente as bestas e vacas bravas. Se chegase a desaparecer de todo, sería o golpe definitivo para a supervivencia do lobo, xa que na Galiza a súa presenza está intimamente ligada a esta práctica gandeira.

E, para colmo de males, hoxe o lobo está considerado especie cinexética. Ten restriccións na lei de caza, é verdade; pero sen estudos serios, rigorosos, independentes, prolongados no tempo e aceptados por toda a comunidade científica que avalen a viabilidade da especie, é un anacronismo e unha irresponsabilidade permitir que se persigan e maten exemplares que poden ser necesarios para garantir o seu futuro.

(*) Lóxicamente, nós non defendemos nin os vertedoiros fumigantes que padecemos durante moitos anos nin o descontrol dos cadáveres (de animais) ciscados polo noso agro. Opoñémonos, iso si, ás limpas e sospeitosas incineradoras de lixo botando un inocente fume cargado de veleños letais: estamos por outros modelos de tratamento de residuos.

Tampouco consideramos oportuna a retirada indiscriminada de animais mortos nas explotacións gandeiras para ser incinerados, con problemas, non se sabe onde. Todos os seres que naceron nunha terra deben volver a ela de forma natural..

OBRIGA DE CONSERVALO

Podemos vivir sen lobos?. Podemos. Tamén podemos vivir sen a catedral de Compostela, a muralla de Lugo (que aparcamentos daría!), as Burgas de Ourense,...; tamén podemos prescindir dos castiñeiros (onde estea o eucalipto que se quite toda árbore lenta e traballosa), da camariña,... ou do idioma galego. Podemos vender a nosa alma ao demo a cambio dunhas moedas fáciles e vida regalada, sen problemas. suprimir todo o que é propio e moleste; quizais



aportou a Administración varias propostas que nos paarecen de urxente aplicación.

ALEGACIÓNS AO PLAN DE XESTIÓN DO LOBO EN GALICIA

ADEGA (Asociación pola Defensa Ecolóxica de Galiza), considera oportuno presentar as seguintes alegacións ao Plan de Xestión do lobo en Galicia publicado no DOG con data 29/8/06:

1.- Considerar revisable o marco legal (consideración de especie cinexética)

Dende unha posición conservacionista, que ten que ser o primeiro obxectivo do Plan, debería considerarse que o marco legal que considera o lobo especie cinexética, poderá ou podería ser revisado se os resultados dos estudos das poboacións así o aconsellasen. Entre os argumentos que xustifican a revisión da consideración de especie cinexética estarían:

- A Lei de caza, como calquera outra, pódese cambiar se non resulta adecuada. O que non está xustificado é partir do preconcepto de que hai que amoldarse a ela de forma incuestionable, condicionando o Plan de Xestión do lobo, tal e como se fixo.
- En comunidades veciñas (Asturias e Portugal) o lobo non é especie cinexética.
- Non parece que sexa unha reivindicación firme dos colectivos de cazadores galegos o manter ao lobo como especie cazable.
- Non está xustificado establecer cuotas de caza legal sin coñecer a proporción de exemplares que morren por caza ilegal
- A caza organizada pode superar a que viña producíndose ata agora. Se a especie está en diminución, sería

RAL GALEGO

LOBO RA



arentáramos máis modernos pero tamén seríamos máis vulgares: moi cosmopolitas pero sen personalidade.

No século pasado algúns países de Europa arruinaron a súa biodiversidade (flora e fauna) e agora, conscientes do erro cometido, están a facer redobrados esforzos por conseguir a súa recuperación. Estamos a falar de Estados como Francia ou Alemania, que non son precisamente modelos de atraso económico, onde o lobo volve a estar presente despois de moitos anos de ausencia por telo exterminado.

O patrimonio cultural, arquitectónico ou biolóxico é unha riqueza herdada, que estamos obrigados (desgraciadamente, só é unha obriga moral) a transmitir ás xeneracións futuras. Indubidabelmente, isto ten uns custos económicos e sociais que debemos asumir entre todos e todas: de ningún modo pode recaer o gasto da súa conservación sobre un segmento da sociedade. O mantemento da Torre de Hércules non o teñen que costear os coruñeses, nin a restauración do dolmen de Dombate a teñen que pagar os arqueólogos, como tampouco a conservación do idioma galego é obriga exclusiva dos escritores; e, por suposto, ao lobo non o deben de manter os labregos e gandeiros. A sociedade no seu conxunto ten que asumir as cargas que poidera supoñer a conservación en bo estado do noso patrimonio, e principalmente daqueles elementos máis sobranceiros, iconas representativas da identidade natural do país, como é o lobo.

Sabemos que o lobo é un animal conflictivo. Compite con nós polo alimento (rúbanos descaradamente, como se non coñecese o Código Penal), produce perdas económicas, pon medo,... pero ninguén hoxe minimamente informado pode defender a súa desaparición. Temos un problema e hai que buscarlle solución e por iso que ADEGA



RAL GALEGO

O LOBO



inadmisibile esta práctica .

2.-Actualizar o diagnóstico e as propostas que del se derivan.

Cómpre realizar novos estudos con datos actualizados e prolongados no tempo para tirar conclusións, xa que as últimas intervencións nos hábitats lobeiros poderían estar a ter consecuencias nefastas para a especie. Estes estudos estarían realizados por un equipo técnico consensuado e aberto. (Nos que se fixeron para o Plan de Xestión, todos os técnicos participantes están a favor de caza deportiva do lobo como método de xestión; faltan as opinións do punto de vista conservacionista).

Sería razoable non poñer en marcha o Plan e dar tempo e realizar estudos previos para:

- Analizar máis detidamente os fallos e acertos das medidas de xestión tomadas ata agora: resultado das axudas, tolerancia da poboación afectada pola presenza do lobo, caza
- Confirmar que o número de grupos de lobo non ten diminuído significativamente nos últimos anos
- Obter datos reais sobre mortalidade
- Establecer obxectivos de tamaño da poboación do lobo a manter en Galiza
- Avaliar as consecuencias das recentes infraestructuras

3.- Estudar a perda de calidade dos hábitats e propoñer accións para a súa recuperación.

Non hai actuacións específicas para a mellora ecolóxica do hábitat do lobo e a mellora da conectividade biolóxica.

Hai a sospeita, formulada por expertos, de que as normas sanitarias, en canto á retirada de restos de animais destinados ao consumo humano e á clausura de vertederos, así como a diminución de gando en réxime extensivo, está a provocar, pola falla de alimento dispoñíbel, unha situación límite nas poboacións lobeiras.

Sería pois conveniente, entre outras medidas, estudar

como está a evolucionar a cabana gandeira en réxime extensivo, xa que este gando, foi e é fundamental, na presenza do lobo.

Non están previstas medidas nin actuacións para zonificar e regulamentar a gandeiría, a caza e outros usos. Si se tenta conservar o lobo como parte da biodiversidade e se lle concede importancia neste senso resulta conveniente implementar medidas para regular o gando, o turismo, a caza, a explotación forestal e o acceso a zonas de cría do lobo.

4.- Creación dun “santuario”

Non se designan zonas de protección do lobo nas que o único uso sería a conservación do lobo e a biodiversidade.

Unha das posibles medidas a adoptar, sería a creación dun “santuario” ou santuarios para a especie, que poderían estar localizados na Serra de Invernadoiro ou ben na Dorsal galega, en función das súas características.

5.- Recuperar o lobo nas áreas nas que se perdeu nos últimos anos

No plan non se definen proxectos de reintroducción de lobos nas zonas onde desapareceu. Nas zonas en que existiron lobos ata tempos recentes o conveniente a nivel ecolóxico sería recuperar esas áreas de distribución. Non hai medidas para a protección integral do lobo nas zonas onde a densidade é moi baixa ou onde as poboacións están moi fragmentadas e illadas xeneticamente.

6.- Formación de Axentes de Medio Ambiente.

A formación dos Axentes deberá capacitalos tamén para asistir aos veciños cando se cree un estado de alarma social provocado pola presenza reiterada do lobo na proximidade das poboacións.

Os programas de educación ambiental deberían definir-



instalación de parque eólicos,..), sobre métodos de restauración do seu hábitat, sobre representacións culturais do lobo en distintas zonas de Galicia,...

12.- O Plan debería contar con un orzamento e un estudo de viabilidade.

Sin un orzamento redúcese a credibilidade do plan

O lobo cohabitou cos galegos desde que existimos. Pasamos dificultades xuntos e daquela non o eliminamos; hoxe, que non existe a fame e que temos unha sociedade cun nivel de vida aceptábel, onde se despilfarran en enfeites millóns de euros, sería unha irresponsabilidade imperdonábel que non coidáramos, con todos os coñecementos e medios ao noso alcance, o noso medio ambiente, garantindo a pervivencia de todas as especies nun equilibrio o máis natural posíbel.

Texto: Xosé L. Salvadores Cobas.
Fotografías: Francisco Santiago López.
Deseño e maquetación: Alberto V. Ferreiro

O LOBO PATRIMONIO NATURAL GALEGO

se en conexión con estudos de actitudes humanas.

7.- Indemnizacións.

Cómpre cambiar o termo “axuda” polo de indemnización, e incluír indemnizacións para o gando extensivo, así como para aqueles danos producidos por cans incontrolados.

8.- Subvencións.

Faise necesario o estudo e aplicación, a través dun plan piloto, de novas vías para subvencións, tales como subvencionar colectivamente zonas lobeiras, subvencionar o risco, ou subvencións por utilizar prácticas que axuden a mellorar os hábitats e/ou a biodiversidade.

9.- Posibilidade de control con capturas en vivo.

10.- Creación dun centro de interpretación.

Este centro estaría adicada á fauna salvaxe e á gandeiría extensiva, con especial adicación ao lobo como regulador dos sistemas. Neste centro poderíase incluír un centro de recuperación do lobo.

11.- Creación dun equipo técnico.

Estaría formado por técnicos da administración e asesores externos. Este organismo consensuado, tería autoridade recoñecida pola maioría dos sectores relacionados co lobo. O seu labor sería de estudo e asesoramento científico-técnico.

Son varias as liñas de investigación que se poderían abrir: sobre estrutura e comportamento social do lobo, sobre dinámica de poboacións dos lobos e das súas presas naturais, sobre stress producido nos grupos do lobo polos diferentes usos (caza, turismo, actividade forestal,

Estes lobos son tan nosos como os carballos, a gaita ou a catedral de Compostela.

